



R renova a súa app “tv comigo”, con máis contidos e funcións

- ***A aplicación renovada de tv comigo de R ofrece unha experiencia de navegación moito máis áxil e dinámica, facilitando a busca de contidos e/ou canles e gañando en rapidez.***
- ***Unhas 30 canles adicionais en directo e o servizo rebobina con moitos máis contidos son parte das melloras que a nova app tv comigo ofrece a partir de agora. E, ademais, sen ningún custo extra, para gozar da tele de R dende calquera dispositivo.***
- ***A aplicación incorpora, ademais, novas funcionalidades como continuar vendo unha serie ou película dende onde se deixara en calquera dos dispositivos móbiles utilizados.***
- ***A nova app de tv do operador galego está dispoñible, sen necesidade de solicitala, para todos/as os/as clientes/as que teñan contratado o servizo de televisión con descodificador.***

Xoves, 22 de xullo de 2021. R renovou a súa app de televisión para ofrecer unha experiencia de uso máis intuitiva e sinxela. A partir de agora, os/as clientes/as de R gañarán axilidade ao poder ver os contidos de maneira máis dinámica a través da nova navegación que ofrece a **app tv comigo de R**.

Ademais dunha mellora na experiencia de navegación, a nova aplicación de televisión do operador galego ofrécelles aos seus clientes 30 canles máis en directo e incorpora á plataforma *rebobina* máis contidos para que poidan gozar deles dende calquera dispositivo móbil.

novas funcionalidades para calquera dispositivo

A nova app incorpora tamén novas funcións como a de continuar vendo unha película ou serie dende onde se deixara en calquera dos dispositivos utilizados, pois todos eles están sincronizados. Isto permite que os/as clientes/as de R poidan gravar contidos dende a app ao descodificador e viceversa para velos posteriormente dende o dispositivo que se elixa ou dende a propia televisión.

Estas novas funcionalidades engádense ás xa tradicionais como, entre outras, acceder á programación completa dos últimos sete días de máis de 80 canles ou, en calquera momento, reproducir o seu contido dende o inicio, parar, avanzar, retroceder...etc.

A aplicación renovada de **tv comigo** é compatible con todos os dispositivos, é dicir, *smartphone* ou tableta Android (5.0 ou superior) e iOS (9 ou superior). En canto aos computadores, tamén se pode ver con Windows (Chrome 45 ou superior, Firefox 40 ou superior e IE 9 ou superior) e Mac (Chrome 45 ou superior, Firefox 40 ou superior e Safari 8 ou superior).

...e activación automática

Este novo servizo está dispoñible para os/as clientes/as que teñan contratado calquera dos combos de televisión con descodificador de **R**. Poderán gozar de **tv comigo** ata en cinco dispositivos por cada servizo de televisión principal que teñan contratado.

E o acceso é moi sinxelo: non cómpre subscribirse xa que se dá de alta de xeito automático ao activarse o servizo de televisión. Tan só hai que descargar a aplicación dende Google Play ou App Store.



comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal